


ACTA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A SELECCIÓN DE 2 ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL, UN PARA O DEPARTAMENTO DE URBANISMO E OUTRO PARA O DE SECRETARÍA E CREACIÓN DE BOLSA OU LISTA DE EMPREGO NO CONCELLO DE MELIDE

En Melide, a 23 de outubro do 2020, sendo as 10.00 horas, reúnense baixo a presidencia de Antonio Mosquera Rodríguez, os seguintes integrantes da comisión seleccionadora que se constitúe para valorar o 1º exercicio da fase de oposición dos aspirantes para cubrir 2 PRAZAS ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL, UN PARA O DEPARTAMENTO DE URBANISMO E OUTRO PARA O DE SECRETARÍA E CREACIÓN DE BOLSA OU LISTA DE EMPREGO NO CONCELLO DE MELIDE POR CONCURSO-OPOSICIÓN.

Presidente: Antonio Mosquera Rodríguez
Secretario: Jesús Manuel Cea Vázquez
Vogal: Guadalupe Vázquez Ascariz
Mª del Mar Guardo Bande
Joaquín Vázquez Rodríguez



O presidente declara constituída a comisión seleccionadora e aberto o acto acórdase proceder á valoración o 1º exercicio da fase de oposición dos aspirantes:

1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA PROVER, CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN, 2 ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL, UN PARA O DEPARTAMENTO DE URBANISMO E OUTRO PARA O DE SECRETARÍA

A comisión seleccionadora á vista das bases da convocatoria formula a seguinte puntuación:

Nº	NOME E APELIDOS	TOTAL
1	BEATRIZ VENTOSA FERNÁNDEZ	1,80
2	CRISTINA CORRAL EXPÓSITO	1
3	JESÚS BUJÁN MOSQUERA	3,50
4	JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RAMOS	7,03
5	LEYRE ALDASORO FERNÁNDEZ	Non presentada
6	HECTOR GARCÍA BARRIO	2,93
7	SORAYA BLANCO RODRÍGUEZ	1
8	FÁTIMA AMBOAGE SANTOS	Non presentada
9	ELENA SALGADO MARIÑAN	3,30
10	JESSICA CABO PEREIRO	Non presentada
11	LAURA LÓPEZ PARDO	2,13
12	LETICIA PERDOMO PERDOMO	1,17
13	Mª ZULIMA ENGELMO MORALEJO	1,27
14	ELENA VARELA PEDREIRA	1,60
15	CRISTINA RODRÍGUEZ VARELA	1,76
16	PATRICIA AMBOAGE SANTOS	Non presentada
17	MELANIE LOUREIRO PAMPÍN	Non presentada
18	BEATRIZ SESAR CARBAJALES	2,83
19	MERCEDES LÓPEZ MOURIÑO	1,33
20	SERGIO MONTERROSO GÓMEZ	3,06
21	DAMIÁN SESAR SOUTO	Non presentado
22	ALBA MARTÍNEZ MONTERROSO	3,47
23	MARÍA JOSÉ MILLARES LÓPEZ	0,90



24

M^a BEGOÑA LÓPEZ MARTÍNEZ

3,60

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, convócase á comisión seleccionadora e ao aspirante que superou a proba para o **luns 26/10/2020 ás 10.00 h na casa do Concello de Melide** para a realización do 2º exercicio da fase de oposición, dispoñendo o presidente que se redacte a presente acta que asinan os membros da comisión seleccionadora sendo as 14.15 h, do que eu, SECRETARIO, certifico.

Melide, 23 de outubro de 2020

A comisión seleccionadora.

ANEXO 1

1º EXERCICIO FASE DE OPOSICIÓN

1º EXERCICIO FASE DE OPOSICIÓN 2 PRAZAS ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL 1 PARA O DEPARTAMENTOS DE SECRETARÍA E 1 PARA URBANISMO

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____

DATA: _____

1. Segundo o artigo 53 da Constitución española, calquera cidadán/á poderá solicitar a tutela das liberdades e dereitos recoñecidos no artigo 14 e a Sección primeira do Capítulo segundo da Constitución española ante o Tribunal Constitucional a través do:

- a) Recurso ordinario.
- b) Recurso de alzada.
- c) Recurso de amparo.

2. Dos dereitos que se citan a continuación, sinala aquel que pode ser suspendido soamente durante a vixencia do Estado de Sitio:

- a) Art. 18.2
- b) Art. 20.5
- c) Art. 17.3

3. Que artigos comprende o Título do Estatuto de autonomía dedicado ás competencias de Galicia?

- a) Do artigo 20 ao 26.
- b) Do artigo 27 ao 38.
- c) Do artigo 39 ao 41.

Ann

4. En que artigo da Constitución se consagra o principio de autonomía das facendas locais?

- a) Artigo 142.
- b) Artigo 146.
- c) Artigo 147.

5. A Administración local regúlase na Constitución no seu Título:

- a) VI.
- b) VII.
- c) VIII.

6. Pode a Xunta de Galicia interpoñer recursos de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional?

- a) Non, só pode facelo o Parlamento de Galicia.
- b) Si, pero só se é avalada pola maioría absoluta dos votos do Parlamento de Galicia.
- c) Si, nos supostos e termos previstos na Constitución e na Lei orgánica do TC.

7. A Lei 9/2017, de contratos do sector público, ten por obxecto regular a contratación do sector público co fin de garantir que a mesma se axuste aos principios de:

- a) Publicidade, transparencia, eficacia e eficiencia na contratación pública.
- b) Eficacia e eficiencia na contratación.
- c) Liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores.

8. Que órgano debe adoptar acordo favorable previo a decisión de declarar disoltos os órganos das corporacións locais no suposto de xestión gravemente danosa para os intereses xerais e que supoñan o incumprimento das súas obrigas constitucionais?

- a) O Goberno da nación.
- b) As Cortes Xerais.
- c) O Senado.

9. Cantas lecturas poden chegar a ter lugar no procedemento legislativo ordinario?

- a) Dúas lecturas.
- b) Tres lecturas.
- c) Cinco lecturas.

10. Cal dos seguintes non é un acto legislativo da UE?

- a) Ditame.
- b) Regulamento.

ANN



c) Decisión.

11. Por cantas parroquias está integrado o Concello de Melide?

- a) 19.
- b) 26.
- c) 28.

12. Cal é o período de exposición pública do expediente de delimitación de solo de núcleo rural:

- a) 15 días
- b) 1 mes
- c) 2 meses

13. O lugar de Reboredo, a que parroquia do Concello de Melide pertence:

- a) As Varelas.
- b) Xubial.
- c) Os Ánxeles.

14. A Comisión Especial de Contas está integrada conforme ao artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril. Reguladora das bases do réxime Local por:

- a) Todos os membros da corporación.
- b) Polos portavoces dos grupos políticos.
- c) Por membros de todos os grupos municipais.

15. En que casos a resolución debe ser motivada, segundo o previsto no artigo 88.3 LPAC?

- a) Nos casos a que se refire o artigo 21 LPAC.
- b) Nos casos a que se refire o artigo 35 LPAC.
- c) Nos casos a que se refire o artigo 47 LPAC.

16. A teor do disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, exceptúanse da obriga de ditar resolución expresa e notificala:

- a) Os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.
- b) Os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración e os casos de desaparición sobrevida do obxecto.
- c) Os casos de prescrición, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desistencia da solicitude, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.

Ann

a

17. Os actos administrativos son executivos:

- a) Sempre salvo o previsto no artigo 87 da Lei 39/2015.
- b) Sempre salvo o previsto no artigo 98 da Lei 39/2015.
- c) Sempre salvo o previsto no artigo 111 e 137 da Lei 39/2015.

18. De acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 15 de setembro de 2011, cal é a data de comezo da sede electrónica da Xunta de Galicia?

- a) 15 de setembro de 2011.
- b) 19 de setembro de 2011.
- c) 23 de setembro de 2011.

19. De que trata o Libro Primeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público:

- a) Dos contratos das administracións públicas
- b) Disposicións xerais sobre a contratación do sector público.
- c) Configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos.

20. A perfección dos contratos encóntrase regulada no:

- a) Artigo 35 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- b) Artigo 36 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- c) Artigo 38 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

21. Con carácter xeral, o prego de prescricións técnicas particulares será aprobado:

- a) Polo órgano de contratación antes da autorización do gasto ou conxuntamente con ela.
- b) Polo órgano de contratación antes da iniciación do expediente.
- c) Polo órgano de contratación, conxuntamente co prego de cláusulas administrativas particulares.

22. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, a aprobación dun proxecto de obras require supervisión cando:

- a) O orzamento base de licitación do contrato de obras sexa igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído.
- b) O orzamento base de licitación do contrato de obras sexa igual ou superior a 350.000 euros, IVE excluído.
- c) A aprobación dun proxecto sempre require a emisión dun informe de supervisión do proxecto para verificar que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulten de aplicación para cada tipo de proxecto, calquera que sexa o orzamento base de licitación.

23. - De acordo co artigo 26 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, os contratos privados que celebren as administracións públicas, rexeranse polo dereito privado, en canto:

- a) Á súa preparación e adxudicación.
- b) Os seus efectos, modificación e extinción.
- c) A súa preparación, adxudicación e extinción.

24. Segundo o artigo 26 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, as persoas ou entidades directamente interesadas nos asuntos motivadores das consultas:

- a) Poderán presentar alegacións perante o Consello, nos casos expresamente establecidos nesta lei.
- b) Asistirán ás sesións do Pleno con voz pero sen voto cando na Sala se poñan de manifesto discrepancias na adopción do acordo.
- c) Poden ser oídas perante o Consello, por acordo deste adoptado de oficio ou por petición daquelas.

25. Segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades de ela dependentes, o sistema do rexistro electrónico garantirá o cumprimento dos requisitos e garantías de:

- a) Integridade, seguridade, normalización e conservación.
- b) Integridade, interoperabilidade, interconexión e conservación.
- c) Integración, normalización e interconexión.

26. Segundo o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en solo rústico está permitida a apertura de camiños cando:

- a) Non afecten á Rede Natura 2000.
- b) Estean contemplados nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura.
- c) Se trate de camiños cunha lonxitude inferior a 500 metros.

27. De acordo ao artigo 73 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, os plans especiais de infraestruturas e dotacións conterán:

- a) A delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas se delimitar o seu destino concreto.
- b) Medidas de protección necesarias para garantir a accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas.
- c) Medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas.

28. En solo rústico, a superficie máxima ocupada por invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros a facilmente desmontables poderán ocupar ata:

- a) O 50% da superficie da parcela en instalacións posteriores á entrada en vigor da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.
- b) O 60% da superficie da parcela.
- c) O 40% da superficie da parcela.

Ann

29. Indicar cal destas afirmacións é verdadeira segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental:

- a) O documento de alcance non é preciso cando o promotor sexa un órgano administrativo con competencias en materia ambiental.
- b) O documento de alcance substitúe ao estudo de impacto ambiental no caso de plans e programas.
- c) O documento de alcance é elaborado polo órgano ambiental e vai dirixido ao promotor.

30. De acordo ao artigo 7 da Lei de avaliación ambiental serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria:

- a) Os proxectos non incluídos nin no anexo I nin o anexo II que poidan afectar de forma apreciable, directa ou indirectamente, a Espazos Protexidos Rede Natura 2000.
- b) Os proxectos do anexo I que serven exclusiva ou principalmente para desenvolver ou ensaiar novos métodos ou produtos, sempre que a duración do proxecto non sexa superior a dous anos.
- c) Os proxectos comprendidos no anexo I, así como os proxectos que, presentándose fraccionados, alcancen os limiares do anexo I mediante a acumulación das magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

Reserva

31. Segundo o artigo 5.4 da Lei 39/2015, a representación poderá acreditarse mediante:

- a. Unicamente por poder notarial.
- b. Calquera forma de representación válida en dereito.
- c. Unicamente mediante poder apud acta.

32. Respecto á revogación de actos rectificadados de erros, o artigo 109.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que:

- a) As Administracións Públicas poderán revogar e rectificar os seus actos, mentres non transcorrese o prazo de prescrición, sempre que tal revogación non constituía dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.
- b) As Administracións Públicas poderán revogar e rectificar os seus erros, mentres non transcorrese o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación ou rectificación non constituía dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.
- c) As Administracións Públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constituía dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.

33. En que data se firmou o Tratado CECA?

- a) 23 de xuño de 1951.
- b) 18 de abril de 1951.
- c) 28 xullo de 1951.

34. O control da constitucionalidade das leis das comunidades autónomas exércese por:

- a) O Congreso dos Deputados.

b) As Cortes Xerais.

c) O Tribunal Constitucional.

35. Pode ser candidato á Alcaldía no Concello dun municipio con 2000 habitantes:

a) Todos os veciños/as.

b) Os concelleiros/as que encabecen as súas listas respectivas.

c) Todos os veciños/as que teñan dereito de sufraxio pasivo.

ANEXO 2

CORRECTOR

1	c	16	a	31	c
2	c	17	b	32	c
3	b	18	c	33	b
4	a	19	c	34	c
5	c	20	b	35	b
6	c	21	a		
7	c	22	a		
8	c	23	b		
9	b	24	c		
10	a	25	a		
11	b	26	b		
12	c	27	c		
13	a	28	b		
14	c	29	c		
15	b	30	c		



